



## **MOCIÓN DOS GRUPOS PROVINCIAIS DE MAREA ATLÁNTICA E COMPOSTELA ABERTA SOBRE A INSTALACIÓN DE VERTEDOIRO DE RESIDUOS INDUSTRIAIS PROMOVIDA POR GESTORA DE RESIDUOS DEL NOROESTE S.L. NO CONCELLO DE LOUSAME.**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O pasado día 10 de outubro de 2016 o pleno do Concello de Lousame aprobou unha moción rexeitando a instalación dun vertedoiro de residuos industriais promovido por Gestora de Residuos del Noroeste, S.L., por danar os intereses sociais, económicos e medioambientais do concello, das aldeas da contorna inmediata e da comarca.

No mesmo acordo, o pleno declarábase contrario á centralización do almacenamento e xestión de residuos industriais perigosos e non perigosos nese concello, por resultar antieconómico e medioambientalmente obsoleto.

A moción aprobada fora proposta a todos os grupos políticos municipais pola Plataforma veciñal contra o novo vertedoiro de residuos industriais en Lousame.

Nas semanas seguintes á aprobación desa moción no Concello de Lousame, diversos colectivos e axentes ambientais, económicos, sociais e políticos manifestaron igualmente o seu rexeitamento a un proxecto que implicaría soterrar nos montes de Lousame, nun hábitat comunitario de interese prioritario situado ao pé do Lugar de Especial Interese Paisaxístico de Monte Culou e do trazado histórico do Camiño de Santiago Inglés pola Ría de Muros-Noia, 770.000 toneladas de residuos industriais 121 durante un periodo de actividade de 10 anos.

O proxecto colocaría ademais en risco dúcias de explotacións agrogandeiras na contorna, así como as fontes de auga potable que subministran non só as aldeas máis próximas, mais tamén, a través dos regos que brotan da parcela na que se pretende instalar o vertedoiro, as propias captacións de auga municipais do núcleo urbano de Noia.

Ademáis das graves carencias que foron destacadas durante o período de información pública, é evidente que, soterrando máis de 80% dos residuos recibidos na instalación, esta non prioriza o tratamento, senón que opta pola "solución" do vertedoiro, a menos recomendada para a eliminación de residuos, atendendo á Directiva Marco de Residuos vixente 2008/98.

Non responde tampouco ás necesidades das comarcas próximas nin da Comunidade Autónoma, pois o Plan de Xestión de Residuos Industriais de Galicia (2016-2022) afirma que existe xa unha capacidade sobredimensionada para o tratamento dos residuos dos que é obxecto o proxecto.



Por este mesmo motivo, o Plan establece que "non será posible autorizar máis vertedoiros de residuos non perigosos ata que a capacidade restante sexa igual ou inferior a 694.890 t (na actualidade establecida en 2.786.053 t)".

Os problemas expostos e a preocupación social existente non só no Concello de Lousame, senón que tamén nos das comarcas próximas, cuxas corporacións tamén discutiron o problema en varios casos, xustifican a preocupación da Deputación da Coruña por esta cuestión, e que esta preste todo o seu apoio aos municipios directa ou indirectamente afectados.

Por todo o exposto, os Grupos Provinciais da Marea Atlántica e Compostela Aberta propoñen a este Pleno a adopción do seguinte acordo:

1. A Deputación da Coruña, sumándose á moción aprobada polo Concello de Lousame o pasado 10 de outubro, manifesta o seu rexeitamento á instalación dun vertedoiro de residuos industriais nese municipio, por carecer de garantías ambientais e non atender ás necesidades reais da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. A Deputación da Coruña ofrecerá os servizos de asistencia xurídica e técnica aos concellos afectados para unha mellor defensa dos intereses comúns das comarcas afectadas. Concretamente, prestarase axuda para un estudo sobre o impacto medioambiental que poda causar este proxecto sobre as augas do río Vilacoba.
3. A Deputación da Coruña solicita á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio que amplíe o prazo para a presentación de alegacións ao proxecto.
4. A Deputación da Coruña aproba dar traslado deste acordo ás corporacións municipais dos Concellos de Lousame, Rois, Noia e Brión, así como á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio